



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRECE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000034

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos, do día trece de outubro dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do sr. Alcalde, don Alberto González Fernández os concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, dona Jessica Sabín Fernández, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia dada a existencia de quórum, comezase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 29.09.22 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade).

2º.--APROBACION EXPEDIENTE CONTRATACIÓN E COMEZO DE ADXUDICACIÓN DO PROXECTO DE OBRA DENOMINADO: REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILLARRUBE, AVIÑO E OUTROS.

“ASUNTO: INICIO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN E COMEZO DE ADXUDICACIÓN.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Expte núm. 2022/C003/000002

Vista a notificación da resolución ,da Deputación provincial da Coruña do servizo de xestión de plans pola que se levanta a condición e se aproba definitivamente o investimento

denominado: "“REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILLARRUBE, AVIÑO E OUTROS” deste Concello, incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos POS-2022), co código 2022.2000.0279.

Orzamento do investimento:

Importe sen IVE.- 181.475,44 euros

IVE.- 38.109,84 euros

Total.- 219.585,28 euros.

Financiación: O proxecto está financiado pola Deputación Provincial.

Deputación 201.505,60€

Concello.- 18.079,68€

Proxecto de obra redatado por Miguel Angel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado número núm. 27.796.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- .- Proxecto técnico.
- .- Acta replanteo previo
- .-Providencia da Alcaldía para a aprobación da contratación, dispoñendo se realicen os trámites da Contratación.
- .- Memoria de Alcaldía.
- .- Prego cláusulas administrativas particulares. (Anexo I e Anexo V) do prego.

Verificando a Secretaría do Concello que o expediente de aprobación da contratación citada está formado pola documentación mínima esencial para a súa aprobación, e deixando constancia de elo aos efectos de dar cumprimento ao esixido na LCSP.

Visto o documento RC (Retención de crédito) da intervención municipal para a citada obra, sentado no libro diario de contabilidade presupostaria con data 24/02/20222021 (nº operación 2202220000459), con expresión do código do proxecto e a aplicación orzamentaria: 453 61900.

Visto informe de secretaría asinado o 10.10.22 e informe de intervención de 11.10.22,

De conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público; esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas por Lei e Vistas as delegacións feitas a prol da Xunta de Goberno Local, PROPÓN a dito órgano (Xunta) , a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, cun único criterio de valoración: factor prezo e tramitación ordinaria da obra de denominación: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILLARRUBE, AVIÑO E OUTROS” ; cun orzamento de licitación de DOUS CENTOS DEZANOVE MIL CINCOCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (219.585,28€) dos que

181.475,44€ corresponden ao prezo sen IVE e 38.109,84 euros ao IVE; pola motivación expresada en memoria de Alcaldía.

SEGUNDO: Aprobouse a non división en lotes por decreto de Alcaldía núm 33/2022 de 4 de febreiro e xustificase tamén no propio no punto 4.- do propio proxecto técnico de obra. en data 3/02/21. quedando xustificada polos motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP).

TERCEIRO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación; pregos de contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais da Deputación Provincial da Coruña; así coma o Anexo I e Anexo V, que constan incluídos no expediente; en cumprimento do estipulado no punto 7 das bases reguladoras do citado Plan Provincial (publicadas con carácter definitivo no BOP nº 102 de 31 de maio de 2022).

CUARTO: Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 453 61900 do orzamento municipal o gasto pola contía do total do proxecto, que representa a devandita contratación, importe financiado pola Deputación Provincial e polo concello, ao abeiro do Plan POS+2022.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público. (Plataforma de Contratos do Sector Público).

Non obstante, a Xunta de goberno local, acordará o máis convinte. Documento que asina dixitalmente o sr. alcalde na marxe do documento”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía.

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

Licenza de obra maior

.- Expte. de obras 117/2022.- [REDACTED] representada por [REDACTED]
[REDACTED] - Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada no [REDACTED]
[REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño (referencia catastral nº [REDACTED]).

A parcela na que se proxecta a obra encóntrase situado en solo clasificado como SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA

A documentación aportada:

- Proxecto básico de vivenda unifamiliar aillada redactado polo arquitecto Alberto García-Samaniego Rey, aportado o 16.06.2022.
- Proxecto básico de vivenda unifamiliar aillada aporoto o 01.09.2022, redactado polo mesmo arquitecto, e que substitúe ao anterior, excepto nos apartados de Xestión de residuos, Plan de control de calidade e Estudo básico de seguridade.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 5 outubro de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza de construción de vivenda unifamiliar aillada a [REDACTED] no Lugar [REDACTED] Valdoviño. Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Alberto García-Samaniego Rey e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 5 de outubro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

As obras non poderán ser iniciadas en tanto non se notifique, por parte do Concello, o visto bo da seguinte documentación a aportar:

* Proxecto de execución, visado

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 540,60 €. ICIO.- 2.486,78 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo á interesada e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 11 de outubro de 2022.
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade acordou aprobar a proposta de alcaldía que antecede.

4º.- ADHESIÓN Á REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.-

Ao abeiro da Orde de 14 de setembro de 2010, pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística, vendo o obxecto da mesma, que é promoción da nosa lingua en todos os ámbitos incrementando a súa presenza e prestixio.

CONSIDERANDO o establecido en dita Orde e concretamente o punto 14º.- Procedemento de adhesión,

Esta Alcaldía, PROPÓN a Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Valdoviño á RDL (Rede de Dinamización Lingüística).

Segundo.- Designar os representantes políticos e técnicos que participarán na Rede, e os seus suplentes:

Representación política.- Jessica Sabín Fernández
Suplente representación política.- Rosa Ana García López

Representación técnica.- Rita Díaz González
Suplente representación técnica.- Daniel Cartelle Sánchez

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento de cultural municipal para que exerciten as accións pertinentes á execución do mesmo.

Non obstante a Xunta acordará o que estime máis convinte.

En Valdoviño, a 11 de outubro de 2022
O Alcalde,
Asdo: Alberto González Fernández.

A proposta de Alcaldía que antecede, resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.

5º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/44.-

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente (2022/X999/110).

Proposta de Alcaldía:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/44 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 5 facturas ascende á cantidade de CORENTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON UN CÉNTIMO (48.682,01 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/44 por importe bruto de 48.682,01 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

A alcaldesa accidental:

Asdo.: Rosa Ana García López (*Asdo. dixitalmente*) “

A proposta de Alcaldía que antecede, resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.

PARTE DE ACTIVIDADE

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/